

27 Marzo 2020

Mensaxe do Día Mundial do Teatro polo dramaturgo paquistaní Shahid NADEEM

O teatro como santuario

É unha gran honra para min escribir a Mensaxe do Día Mundial do Teatro 2020. É un sentimento de unha gran humildade, pero tamén é apaixonante pensar que o teatro paquistaní e o propio Paquistán sexan recoñecidos polo ITI, o organismo mundial do teatro máis influente e representativo dos nosos tempos. Esta honra é tamén unha homenaxe a Madeeha Gauhar¹, icona do teatro e fundadora de Ajoka Theatre², tamén a miña compañeira de vida, quen faleceu hai dous anos. O equipo do Ajoka percorreu un longo e duro camiño, literalmente desde a rúa ata o teatro. Pero esa é a historia de moitos grupos de teatro, estou seguro. A travesía nunca é fácil nin exenta de obstáculos. Sempre é unha loita.

Veño dun país predominantemente musulmán, que coñeceu varias ditaduras militares, a horrible arremetida de extremistas relixiosos e tres guerras coa veciña India, con quen compartimos miles de anos de historia e herdanza. Hoxe aínda vivimos co temor dunha guerra en toda regra co noso veciño xemelgo, incluso unha guerra nuclear, xa que ambos os dous países teñen agora armas nucleares.

Ás veces dicimos de broma; "Os malos momentos son bos para o teatro". Non hai escaseza de desafíos que afrontar, contradicións que expoñer e status quo que subverter. O meu grupo de teatro, Ajoka e eu estivemos camiñando sobre a corda frouxa desde hai máis de 36 anos. Foi efectivamente unha corda frouxa: para manter o equilibrio entre entretemento e educación, entre a procura e a aprendizaxe do pasado e a preparación para o futuro, entre a libre expresión creativa e os enfrontamentos aventureiros coa autoridade, entre teatro socialmente crítico e financeiramente viable, entre chegar ás masas e ser vangardista. Pódese dicir que un creador de teatro ten que ser un feiticeiro, un mago.

En Paquistán, existiu unha división clara entre o Sacro e o Profano. Para os Profanos, non hai espacio para as cuestións relixiosas, mentres que, para o Sagrado, non hai posibilidade de debate aberto ou novas ideas. De feito, o establishment conservador considera que a arte e a cultura están fóra dos límites dos seus "xogos sacros". Por tanto, o campo de xogo para os artistas escénicos é como unha carreira de obstáculos. Primeiro teñen que demostrar as súas credenciais como bos musulmáns e cidadáns obedientes, e tamén tentar establecer que a danza, a música e o teatro están "permitidos" no Islam. Por tanto, unha gran cantidade de musulmáns practicantes mostranse remisos a adoptar as artes escénicas a pesar de que elementos de danza, música e teatro están integrados na súa vida cotiá. Finalmente encontrámonos cunha subcultura que tiña o potencial de levar o Sacro e o Profano ao mesmo escenario.

Durante o goberno militar en Paquistán na década de 1980, Ajoka foi promovido por un grupo de novos artistas que desafiaron á ditadura a través dun teatro de disidencia social e politicamente audaz. Descubriron que os seus sentimentos, a súa ira, a súa angustia, foron expresados de maneira asombrosa por un bardo Sufí³, que viviu fai uns 300 anos. Este foi o gran

1 *Madeeha Gauhar* (1956-2018): directora de teatro, actriz, feminista e fundadora do Ajoka Theatre. Titular do Máster en Teatro do Royal Holloway College de Londres e galardoada coa Medalla de Distinción do Goberno de Paquistán e o Premio Príncipe Claus dos Países Baixos.

2 *Ajoka Theatre*: Creado en 1984. A palabra Ajoka significa "contemporáneo" en Punjabi. O seu repertorio inclúe obras de teatro sobre temas como a tolerancia relixiosa, a paz, a violencia de xénero, os dereitos humanos.

3 *Sufismo*: A tradición mística islámica, que busca atopar a verdade do amor divino a través da experiencia persoal directa de Deus, fíxose popular debido á súa predicación da fraternidade universal e a oposición á aplicación rixida de doutrina das ensinanzas relixiosas. A poesía sufí, representada principalmente coa música, expresa a unión mística a través das metáforas do amor profano.

poeta Sufí Bulleh Shah⁴. Ajoka descubriu que podía facer declaracións politicamente explosivas a través da súa poesía, desafiando á autoridade política corrupta e ao establishment relixioso intolerante. As autoridades poderían prohibirnos ou desterrarnos, pero non a un poeta Sufí venerado e popular como Bulleh Shah. Descubrimos que a súa vida era tan dramática e radical como a súa poesía, o que lle ocasionou *fatwas* e desterro na súa vida. Logo escribín " Bulha", unha obra sobre a vida e a loita de Bulleh Shah. Bulha, como o chaman afectuosamente as masas en todo o Sur de Asia, proviña dunha tradición de poetas Sufís Punjabís que desafiaron sen temor a autoridade dos emperadores e dos demagogos clericais, a través da súa poesía e a súa práctica. Escribiron na linguaxe da xente e sobre as aspiracións das masas. Na música e a danza, atoparon os vehículos para lograr unha asociación directa entre o Home e Deus, evitando con desdén aos intermediarios relixiosos explotadores. Desafiaron as divisións de xénero e clase e miraron o planeta con asombro, como unha manifestación do Todopoderoso. O Consello das Artes de Lahore rexeitou o guión alegando que non era unha obra de teatro, senón simplemente unha biografía. Con todo, cando a obra foi representada nun lugar alternativo, o Instituto Goethe, o público viu, entendeu e apreciou o simbolismo da vida e a poesía do poeta do pobo. Puideron identificarse completamente coa súa vida e a súa época e ver os paralelismos coas súas propias vidas e época.

Ese día, no 2001, naceu un novo tipo de teatro. A música devocional Qawwali⁵, a danza Sufí *Dhamal*⁶ e a recitación de poesía inspiradora, incluso o canto meditativo *Zikir*⁷, convertéronse en parte da obra. Un grupo de *Sikhs*⁸, que estaban na cidade para asistir a unha conferencia Punjabi e viñeran para ver a obra, invadiron o escenario ao final, abrazando e bicando aos actores e chorando. Compartían o escenario por primeira vez con Punjabis musulmáns despois da Partición de India en 1947⁹, o que provocou a división de Punxab en identidades comunitarias. Bulleh Shah fora tan querido para eles como o era para os Punjabis musulmáns; porque os sufís transcenden as divisións relixiosas ou comunitarias.

Esta estrea memorable foi seguida pola odisea india de Bulleh Shah. Comezando cunha xira inédita pola parte india do Punxab, " Bulha" realizouse ao longo e ancho da India, mesmo en tempos das tensións máis graves entre os dous países e en lugares onde o público non sabía unha soa palabra de Punjabi mais amaba cada momento da obra. Mentres as portas para o diálogo político e a diplomacia se pechaban unha por unha, as portas das salas de teatro e os corazóns do público indio permanecían abertos. Durante a xira de Ajoka polo Punxab Indio en 2004, despois dunha actuación moi ben recibida ante un público rural de miles de persoas, un ancián acercouse ao actor que interpretara o papel do gran Sufí. O ancián estaba acompañado por un mozo. "O meu neto está moi mal; poderías por favor darlle a túa beizón? O actor sorprendeuse e dixo: " Babaji¹⁰, non son Bulleh Shah, só son un actor que interpreta este papel". O ancián comezou a chorar e dixo: "Por favor, bendiga ao meu neto, sei que se recuperará, se o fai". Suxerimos ao actor que lle concedese ao ancián o seu desexo. O actor deu a súa beizón ao mozo. O ancián estaba satisfeito. Antes de irse, dixo estas palabras: "Fillo, non es un actor, es unha reencarnación de Bulleh Shah, o seu *Avatar*¹¹". De súpeto, impúxose en nós un novo concepto de actuación, de teatro, no que o actor se converte na reencarnación do personaxe que está a representar.

4 *Bulleh Shah*(1680-1757): un influente poeta Sufí Punjabí, que escribiu sobre temas filosóficos complexos nunha linguaxe simple, foi un crítico severo da ortodoxia relixiosa e a elite dominante, foi expulsado da cidade de Kasur, acusado de herexía e negouse o enterro no cemiterio da cidade. Popular entre os cantantes devocionais e folclóricos. Admirado máis aló das desavinzas relixiosas.

5 *Qawwali*: Poesía Sufí devocional, presentada por grupos de cantantes (Qawwals), interpretada orixinalmente nos santuarios Sufís, levando aos oíntes a un estado de éxtase.

6 *Dhamaal*: Baile extático nos santuarios sufís, xeralmente a ritmo de tambor.

7 *Zikir*: Canto rítmico devocional, recitado de oracións, consecución da iluminación espiritual.

8 *Sikhs*: Seguidores da fe Sikh, fundada en Punxab no século XV polo Guru Nanak.

9 O estado musulmán de Paquistán foi trazado fóra da India en 1947 no medio dunha matanza comunitaria sen precedentes e unha migración masiva da poboación.

10 *Babaji*: Unha expresión de respecto por un home maior.

11 *Avatar*: Reencarnación ou manifestación na Terra dun mestre divino, segundo a cultura hindú.

Nos 18 anos de xira con "Bulha", constatamos unha reacción similar por parte dun público aparentemente non iniciado, para quen a actuación non é só unha experiencia entretida ou intelectualmente estimulante, senón un encontro espiritual que conmove a alma. De feito, o actor que interpretaba o papel do mestre Sufí de Bulleh Shah estaba tan profundamente influenciado pola experiencia que el mesmo converteuse en poeta Sufí e desde entón publicou dúas coleccións de poemas. Os actores que han participaron na produción contaron que cando comeza a presentación, senten que o espírito de Bulleh Shah está entre eles e que o escenario parece ser elevado a un plano superior. Un erudito indio, ao escribir sobre a obra, deulle o título: "Cando o teatro se converte nun santuario".

Son unha persoa laica e o meu interese no sufismo é principalmente cultural. Estou máis interesado nos aspectos artísticos e performativos dos poetas Sufíes Punjabís, pero o meu público, que non é forzosamente extremista ou intolerante, pode con todo ter crenzas relixiosas sinceras. Explorar historias como a de Bulleh Shah, e hai tantas en todas as culturas, pode converterse nunha ponte entre nós, os creadores de teatro e un público anónimo pero entusiasta. Xuntos podemos descubrir as dimensións espirituais do teatro e construír pontes entre o pasado e o presente, conducindo a un futuro que é o destino de todas as comunidades; crentes e non crentes, actores e anciáns, e os seus netos.

A razón pola que comparto a historia de Bulleh Shah e a nosa exploración dun tipo de teatro Sufí é que, mentres actuamos no escenario, ás veces deixámonos levar pola nosa filosofía do teatro, o noso papel como precursores do cambio social e, ao facelo, deixamos atrás unha gran parte das masas. No noso compromiso cos desafíos do presente, privámonos das posibilidades dunha experiencia espiritual profundamente conmovedora que o teatro pode proporcionar. No mundo actual, onde a intolerancia, o odio e a violencia están a aumentar unha vez máis, as nacións parecen enfrontarse ás nacións, os crentes están a loitar contra outros crentes e as comunidades están a arroxar odio contra outras comunidades ... e mentres tanto, os nenos morren de desnutrición, as nais durante o parto, debido á falta de atención médica oportuna e as ideoloxías de odio florecen. O noso planeta está a afundirse cada vez máis nunha catástrofe climática e pódense escoitar os cascos dos cabalos dos Catro Xinetes do Apocalipse¹². Necesitamos repoñer a nosa forza espiritual; Necesitamos loitar contra a apatía, o letargo, o pesimismo, a cobiza e o desprezo polo mundo en que vivimos, o planeta no que vivimos. O teatro ten un papel, un papel nobre, en dar enerxía e mobilizar á humanidade para levantarse do seu descenso ao abismo. Pode elevar o escenario, o espazo de actuación, en algo sacro.

No sur de Asia, os artistas tocan con reverencia o chan do escenario antes de pisalo, unha antiga tradición na que o espiritual e o cultural estaban entrelazados. É hora de recuperar esa relación simbiótica entre o artista e o público, o pasado e o futuro. Facer teatro pode ser un acto sacro e os actores poden converterse nos *avatares* dos papeis que desempeñan. O teatro eleva a arte de actuar a un plano espiritual superior. O teatro ten o potencial de converterse nun santuario e o santuario nun espazo de actuación.

<https://www.world-theatre-day.org/es/pdfs/>

[https://www.dropbox.com/s/ei8enr2w2496jto/WTD2020_ESP_Message_ShahidNADEEM.docx?
dl=0](https://www.dropbox.com/s/ei8enr2w2496jto/WTD2020_ESP_Message_ShahidNADEEM.docx?dl=0)

https://es.qwe.wiki/wiki/Shahid_Nadeem

12 Os *Catro xinetes do Apocalipse* son descritos por Xoan de Patmos no seu Libro da Apocalipse o último libro do Novo Testamento. Na maior parte das historias, os catro xinetes son vistos como símbolos de Conquista, Guerra, Fame e Morte, respectivamente.